



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

ACTA Nº 2018/3

SESIÓN EXTRAORDINARI DO PLENO DA CORPORACIÓN - SALÓN DE PLENOS DO CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, MARTES 27 DE FEBREIRO DE 2018 -

No día de hoxe, ás 20:00 horas, baixo a presidencia do alcalde, reúnen os concelleiros e concelleiras que se indican, coa asistencia da secretaria, que subscribe, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, Sesión Extraordinaria do Pleno da Corporación.

PRESIDE:

EDUARDO JOSE PARGA VEIGA (PP)

ASISTEN:

MIGUEL ANGEL FERNANDEZ MIRAS (PP)

MARIA SOLEDAD BLANCO GORIN (PP)

NOELIA FREIJEIRO NOVO (PP)

MARIA PILAR DOLDAN POSE (PP)

ALVARO CARRIL RODRIGUEZ (PP)

JULIO JOSE VILA DIAZ (PP)

SERGIO MANUEL GARCIA VILLAR (Grupo Mixto-PSOE)

MARÍA DEL MAR ORDÓÑEZ VARELA (Grupo Mixto-BNG)

ALFREDO CAÑIZO GARRIDO (AIM)

ANTONIO MANUEL PEREIRA RODRIGUEZ (AIM)

MARIA CRISTINA CASTRO POSE (AIM)

MARIA CARMEN SANCHEZ VARELA(AIM)

SECRETARIO/A:

MONICA PICHEL GARCIA

INTERVENTOR/A:

ANA Mª IGLESIAS GATO.

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que o alcalde, como Presidente, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1. PROBLEMÁTICA EXISTENTE NO NOSO CONCELLO POLO REAGRUPAMENTO DO CUARTEL DA GUARDIA CIVIL DE MALPICA QUE ABANDONARÍA O NOSO MUNICIPIO E POSIBLES SOLUCIÓNS PARA QUE ESTE FEITO NON SUCEDA.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O Presidente cede a palabra ao señor Cañizo para que explique o motivo da petición do pleno a instancia dos catro concelleiros integrantes do grupo político municipal AIM.

O señor Cañizo di que non quere que a Guardia Civil marche do Concello, que recibiu noticias ao respecto, que o señor Alcalde nun pleno lle dixera que estaban tranquilos ao respecto, pero que a través do pleno quere facer unha proposta para ampliar o Concello. Señala que a súa proposta é a de iniciar un estudo para unha posible compra ou alquiler con opción de compra para por exemplo baixar aos servizos sociais do Concello ou ampliar as oficinas. Di que non sabe como se podería instrumentar a súa proposta dende o punto de vista xurídico pero que querría que o Concello fixera algo ao respecto. Di que non ve lóxico que a Guardia Civil siga nun baixo do Concello, que o Concello debe ir a máis e non a menos. Di que o que quere é que se estudie a posibilidade de comprar un edificio, como xa se intentara no seu día. Continúa dicindo que a súa proposta é aprobar a iniciación dun estudo para comprar un edificio para ampliar o Concello de Malpica de Bergantiños.

O señor Alcalde pregunta ao señor Cañizo que qué se faría co local respecto ao cal propón a compra, si sería para ubicar á Guardia Civil. Di que tanto si se compra para o Concello como si se compra para ubicar á Guardia Civil, o Concello se está hipotecando igual.

O señor Cañizo di que de esta forma o Concello se amplía, que gaña metros e dille ao señor Alcalde que un veciño fixo un ofrecemento ao respecto e que por parte do Concello non se lle contestou.

O señor Alcalde di que xa falou co veciño e que lle explicou a situación.

O señor Cañizo di que falou co coronel da Guardia Civil de coller o baixo e cederllo á Guardia Civil.

O señor Alcalde di que o Coronel lle contou que a conversación fora outra, que o señor Cañizo lle contara ao coronel que se podía pedir unha subvención. O señor Alcalde di que o señor Cañizo debería saber que as subvencións nominativas da Deputación nunha se van a dar á Guardia Civil.

O señor Cañizo responde que nunca lle prometeu nada ao coronel, que únicamente lle dixo que ía mover o tema.

O señor Alcalde di que dende o Concello se fixeron varias propostas, que se propuxeron alternativas como ampliar co xulgado e a oficina de Penedo e a policía local e a ludoteca. Di que tamén se lle ofreceu o baixo da Cofradía e tamén se lles ofreceu Buño. Engade que preferiría que quedasen en Malpica, pero teñen unha normativa que esixe mínimo 300 metros cadrados, e en Malpica non se conta con esa superficie. Di que tamén se lles ofreceu parte da Casa do Oleiro de Buño, onde a



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

reforma sería escasa e ademáis contan con acceso independente aínda que non garaxe, e que lle responderan ao señor Alcalde que o ían mirar. Sinala que por eso lle dixera ao señor Cañizo nun pleno que estaba tranquilo, porque se fixeran xestións e se estaba a ver qué respondían.

O señor Cañizo pregunta que qué pasa co baixo das Sisargas e o señor Alcalde di que era unha proposta coa Deputación anterior pero que agora esa idea non é viable.

O señor Cañizo di que a súa proposta é que o Concello de Malpica de Bergantiños estudie adquirir o de al lado para deixarllo á Guardia Civil.

A señora M^a del Mar pregunta que por qué se pide un pleno alegando marcha inminente da Guardia Civil si o señor Cañizo di que non ten constancia de que se vaian a marchar de forma inminente, se non é capaz de indicar unha data concreta. Pregunta que porqué se alega que a marcha é inminente cando non se sabe cando se van a ir. Di que realmente se podería ter planteado este tema no pleno ordinario e así ahorrarse o Concello o importe das asistencias que se van a ter que pagar.

O señor Cañizo di que fai a seguinte proposta: “ Que se compre o baixo e a entreplanta do edificio de al lado do Concello para deixarllo á Guardia Civil. E así primeiro se queda o Concello con máis metros e así tería máis accesibilidade”.

A señora M^a del Mar pregunta ao señor Cañizo si falara do dono do edificio contiguo ao Concello para saber canto custaría esa compra.

O señor Cañizo responde que sí, que xa lle fixo esa pregunta.

A señora M^a del Mar di que non entende que se faga unha proposta de comprar algo para cederllo á Guardia Civil, que entende que de esta forma o Concello se está hipotecando igualmente.

O señor Alcalde di que o señor Cañizo sabe que legalmente non se pode comprar un edificio para deixarllo á Guardia Civil, que se trata doutro Ministerio e que o Concello non ten competencias ao respecto. Engade que a Garda Civil non podería facer reformas sobre un edificio que non é seu, porque a súa propia Intervención lle dixo que iso sería obxecto de reparo.

O señor Cañizo di que o que quere é que o Concello compre o baixo e a entreplanta do edificio contiguo.

O señor Alcalde di que non entende a necesidade de facer tal compra.

O señor Cañizo di que o que propón é comprar para logo deixarllo á Guardia Civil. Di que o que propón concretamente é que se inicie o expediente para estudar a posibilidade da ampliación do Concello.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

A señora Pilar Doldán pregunta ao señor Alcalde si tal operación de compra ou cesión de uso para deixarllo logo á Guardia Civil é legal.

O señor Alcalde responde que non, que non se pode dar nada en propiedade, que o que se estaba mirando era un convenio para o uso.

A señora Pilar Doldán pregunta si sendo o local do Concello a Guardia Civil vai a poder facer obras e o señor Alcalde responde que non. Di que o coronel da Guardia Civil recoñecera que na Deputación da Coruña lle dixeron que non podían darlles cartos para facer as obras. Sinala que a Guardia Civil lle confirmou que non se ían a ir de forma inmediata.

O señor Miguel A. Fernández di que a Guarda Civil ten o mesmo problema que o Concello, non lle dan subvencións para comprar locais e non poden arranxalo se non é deles.

A señora M^a del Mar di que insiste en que si a marcha non é inminente, non entende por qué non se trata este tema no pleno de marzo, que non ten sentido a petición deste pleno.

O señor Cañizo di que a el lle parecía que era necesario tratar este tema neste pleno.

O señor Sergio M García di que pode ser que a xente esté preocupada pola marcha da Guardia Civil pero que parece que non é inminente e que co tema da compra tampouco se arranxaría o problema de forma inmediata.

O señor Cañizo di que a Guardia Civil marchou doutros Concellos como Cariño.

O señor Alcalde di que sí, que iso é certo, pero que logo volveron co que lles ofrecerá o Concello dende un principio e sen facer compra algunha.

O señor Cañizo di que unha das posibles solucións sería adquirir parte do edificio de al lado do Concello para ampliar as instalacións municipais e que que quere unha vez máis indicar que a súa proposta é “ Que se inicie o expediente para estudar a posibilidade de ampliar a Casa do Concello adquirindo o baixo e a entreplanta do edificio limítrofe coa Casa do Concello, ou buen comprando ou ben alugando con opción de compra”.

A secretaria pide a palabra ao señor Alcalde para explicar que se reitera no seu informe xuídico emitido con motivo da convocatoria do pleno (expediente Sigem 2018/G003/000110), de forma que si queren adoptar algún acordo sobor de algunha proposta, deberá ratificarse a inclusión da citada proposta na orde do día, noutro caso , se debe reconducir como un rogo. Así mesmo advirte que as competencias en materia de adquisición de bens corresponden no Concello ao señor Alcalde, estando tamén delegadas no señor Alcalde as correspondentes ao pleno.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O señor Alcalde di que se compromete a mirar o tema pero que entende que o Pleno non se lle pode obligar a tramitar nada, que interpreta que o que se está a propoñer é un rogo para que se estude o tema e que neses termos se compromete a estudar o tema.

O señor Cañizo di que nese caso, que si hai ese compromiso, que reconduce a súa proposta a un rogo.

O señor Alcalde di que se compromete a mirar o tema, a mirar a posibilidade de solucionar o tema pero que non está asumindo compromiso ningún de compra de ningún local. Quere deixar claro que o que se compromete é a estudar a posibilidade de efectuar a compra mencionada polo señor Cañizo. Engade que en todo caso, si considera que hai outra solución mellor para arranxar o problema e máis rápida, que efectuará unha proposta no senso que considere máis axeitado aos intereses do Concello.

O señor Cañizo di que si fai o estudio da posibilidade da compra, que entón lle vale.

O señor Alcalde responde que como rogo que é a petición do señor Cañizo que estudiará esa posibilidade.

O señor Cañizo di que fai cuarenta anos se acordou ceder un local para facer unha Casa cuartel en Buño e que non se fixo por problemas económicos.

O señor Alcalde di que non é certo que a marcha sea inminente, que non é certo que o Concello non se tivera movido con este tema e que o que pasa é que o señor Cañizo prometeu algo que non se podía facer.

O señor Cañizo di que o coronel pode dicir o que queira, pero que non prometeu nada e que o coronel o chamou ás 9:45 horas e que estaba preocupado.

O señor Alcalde di que sen embargo a conversación que lle contou o coronel foi outra ben distinta, que o coronel lle dixera que había sido o señor Cañizo.

O señor Cañizo di que o único que lle dixo ao coronel é que ía pedir un pleno para falar do tema e cando lle preguntou ao Presidente da Deputación, Valentín lle dixera que sí había subvncións para arranxar o local e que o ía estudar.

O señor Miguel di que iso non é o que manifesta o coronel da Guardia Civil, que o coronel di que o ofrecemento partiu do señor Cañizo.

O señor Cañizo di que está conforme con que se entenda como un rogo si o señor Alcalde asume o seu compromiso.



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400A

O señor Alcalde responde que se compromete a estudar o tema pero que si aceptan outras propostas que tamén as valorará e que intentará que se tramiten canto antes, e que si aceptan outra proposta do Concello que non irá a compra algunha.

A señora M^a del Mar di que non ve mal que faga unha proposta de compra pero que o que está claro é que este tema non ten urxencia, que non se van de forma inminente como di o señor Cañizo no seu escrito de petición do pleno, e que si hai que comprar algo tampoco soluciona nada porque non se tramita de hoxe para mañá.

O señor Cañizo di que quere insistir en que se tramite a súa petición do rogo.

O señor Alcalde di que fará un estudio ao respecto e que comunicará o resultado aos concelleiros ou nun pleno onde se dé conta das conclusións ou ben nunha xuntanza de voceiros dos partidos.

O señor Manuel Pereira pregunta si o estudio incluíría unha subvención da Deputación e o señor Alcalde responde que non, que as subvencións non se conceden para compra de inmobles só para inversión sobor de bens de titularidade municipal, que a Deputación da Coruña non concede subvencións para comprar locais.

O señor Alcalde di que co seu compromiso de estudar o tema dá por concluído o debate da sesión.

Ás 21:55 horas non hai máis asuntos que tratar. Por orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, da que eu, secretaria, dou fe.

V^o e praxe

O presidente,

A secretaria,

EDUARDO JOSE PARGA VEIGA

MONICA PICHEL GARCIA